FlyerConcellos_ContedorMarron_GALEGO_PRINT.pdf 1 2/2/24 11:02

# Operativa



## 01

A túa participación individual e colectiva convértese na chave para protexer o noso planeta e garantir un legado próspero para as xeracións vindeiras.



## 02

Os residuos orgánicos son recollidos de forma independente polos servizos municipais e transportados, posteriormente, á planta de compostaxe máis próxima.



## 03

Xa na planta de compostaxe os residuos sométense a un proceso de fermentación, maduración e afino para ser transformados en compost.



## 04

O compost é un abono natural apto para ser aplicado tanto na agricultura como na xardinería.

**Para que o proceso sexa exitoso, o 95% dos materiais que conforman a fracción orgánica deben ser compostables!**



Vigo cidade máis limpa

# O MARRÓN

## O contedor que devolve vida



sogama

# O MARRÓN

## O contedor que devolve vida

**Tiñamos o contedor azul, o amarelo, o iglú verde e o xenérico, pero faltaba o marrón, o quinto contedor, o que pecha o círculo da economía circular.**

**A introdución do contedor marrón é un paso crucial para cumprir cos obxectivos europeos e facilitar a recollida e reciclaxe de residuos orgánicos, contribuíndo así a preservar a nosa riqueza natural e construír un futuro sostible para todos.**



## Únete ao movemento do contedor marrón e devolve vida!

# Beneficios





**Péchase o ciclo de recuperación da materia orgánica** e obtense un produto final, o compost, que achega nutrientes ao solo e mellora a súa estrutura, substituíndo aos fertilizantes artificiais.



**Redúcese a presenza de materia orgánica no contedor xenérico,** priorizando a súa reciclaxe e diminuíndo a valorización enerxética da mesma.



**Incrementase a cantidade e calidade do resto das fraccións recollidas** selectivamente, garantindo un maior reciclado.



## O que podes e non podes depositar no contedor marrón

### SI

- Restos de alimentos crus ou cociñados de froitas, verduras, legumes e hortalizas
- Restos de orixe animal: carne ou peixe (ósos, carne cocida, restos de peixe e marisco, espiñas, cunchas de mexillón, ameixas, ...
- Restos de pasta e arroces
- Restos de froitos secos
- Restos de pan, bolería e galletas
- Ósos de froitas
- Sementes e cereais
- Cortizas de queixo
- Papel de cociña usado e panos de mesa de papel (Sen restos de aceite)
- Pousos de café e bolsiñas de infusións
- Restos de plantas, flores, follas secas, herba e pequenos restos de poda e hortas
- Escarvadentes
- Cascas de ovos
- Tapóns de cortiza

### NON

- Aceite de cociña ou calquera outro líquido
- Cueiros, compresas e tampóns
- Papel hixiénico e toalliñas húmidas
- Pó ou restos aspirados ou varridos
- Area para mascotas
- Cabichas de tabaco e cinzas
- Ramas de podas
- Chicles

**LEMBRA: os orgánicos deben depositarse no contedor marrón en bolsas compostables**